



## FOLLA DE IDENTIFICACIÓN DA PROBA ESCRITA

|                 |  |       |  |        |         |
|-----------------|--|-------|--|--------|---------|
| Lugar da proba: |  | Data: |  | Nivel: | CELGA 4 |
|-----------------|--|-------|--|--------|---------|

### DATOS DA PERSOA CANDIDATA:

|                           |                                                                                                                                                                                                                                                           |                |                                                               |  |  |
|---------------------------|-----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|----------------|---------------------------------------------------------------|--|--|
| Apelidos e nome:          |                                                                                                                                                                                                                                                           |                |                                                               |  |  |
| DNI / NIE / Pasaporte:    |                                                                                                                                                                                                                                                           | Nacionalidade: |                                                               |  |  |
| Data de nacemento:        | ___ / ___ / ____                                                                                                                                                                                                                                          | Sexo:          | <input type="checkbox"/> Home <input type="checkbox"/> Muller |  |  |
| Lugar de nacemento:       | <input type="checkbox"/> Galicia <input type="checkbox"/> Outras comunidades de España<br><input type="checkbox"/> Europa <input type="checkbox"/> América <input type="checkbox"/> África <input type="checkbox"/> Asia <input type="checkbox"/> Oceanía |                |                                                               |  |  |
| Lugar de residencia:      | <input type="checkbox"/> Cidade <input type="checkbox"/> Vila <input type="checkbox"/> Aldea                                                                                                                                                              |                |                                                               |  |  |
| Tipo de estudos cursados: | <input type="checkbox"/> Universitarios <input type="checkbox"/> Secundarios <input type="checkbox"/> Primarios <input type="checkbox"/> Sen estudos                                                                                                      |                |                                                               |  |  |

Estes datos serán totalmente confidenciais. Empregaranse só para efectuar a análise psicométrica das probas de avaliación.

### INSTRUCCIÓNS PARA A PERSOA CANDIDATA:

- Lea detidamente as instrucións do exame antes de comezar a responder.
- Empregue bolígrafo negro ou azul.
- Non se permite usar material de apoio.
- Adecúese á tarefa que se lle pide.
- Axústese ao número de palabras que se lle pide. Valorarase negativamente que non chegue a ese número de palabras ou que se exceda demasiado.
- Non se lle proporcionará outro caderno de exame.
- Debe empregar as letras maiúsculas e as minúsculas segundo corresponda.
- Non utilice o seu nome real no texto da proba nin marque o exame con ningún sinal (por exemplo, non use cintas correctoras).
- Terá que entregar os borradores ao final da proba. Estes borradores destruíranse e en ningún caso se valorarán.
- Non adecuarse a estas normas pode supor a anulación do exame ou obter unha cualificación negativa nalgún dos parámetros de avaliación.





2023430001

# Celga



Certificado  
Lingua  
Galega

# 4



XUNTA  
DE GALICIA

SECRETARÍA XERAL  
DE POLÍTICA  
LINGÜÍSTICA

C4-A-III-23



## Proba A1

---

A vostede propóñenlle que colabore na revista *A Nosa Cultura* que se publica no seu concello. Logo de valoralo, acepta a proposta e, tras ver a seguinte reportaxe, decide escribir o seu primeiro **artigo** sobre O Couto Mixto. No texto, de **400 palabras**, debe:

- Explicar onde está O Couto Mixto e os motivos da singularidade deste territorio.
- Indicar para que servía a arca das tres chaves e quen eran os homes de acordo.
- Describir como se desenvolvía a actividade comercial desa zona e con que produtos se negociaba.
- Dar a súa opinión sobre o decaemento do Couto Mixto e valorar a importancia de que existan iniciativas públicas e privadas para evitar o declive das zonas rurais.

NON ESCRIBA NESTA PÁXINA  
COMECE NA SEGUINTE

ESPAZO PARA ESCRIBIR A PROBA A1



ESPAZO PARA ESCRIBIR A PROBA A1

ESPAZO PARA ESCRIBIR A PROBA A1



ESPAZO PARA ESCRIBIR A PROBA A1



## Proba A2

Vostede é membro da asociación ecoloxista Residuos Cero e, logo de ler este artigo, decide redactar un folleto dirixido aos seus socios e socias para informalos sobre as novidades da Unión Europea respecto da economía circular. No **folleto**, de **400 palabras**, debe:

- Explicar que é a Estratexia Europa 2020 e indicar algúns dos mecanismos adoptados para o seu desenvolvemento.
- Comparar o sistema de economía circular co de economía lineal.
- Expor as vantaxes da economía circular e argumentar por que é necesario o cambio promovido pola Unión Europea.
- Salientar a importancia de que a Unión Europea e os distintos gobernos que a conforman promovan este tipo de políticas.

### A UE fomenta a economía circular



«Unha Europa que utilice eficazmente os recursos» é o nome que recibe unha das sete iniciativas emblemáticas que forman parte da Estratexia Europa 2020, coa que se pretende xerar un crecemento intelixente, sustentable e integrador. Actualmente, é a principal estratexia de Europa para xerar crecemento e emprego, co apoio do Parlamento Europeo e do Consello Europeo.

Esta iniciativa pretende crear un marco político destinado a apoiar o cambio cara a unha economía eficiente no uso dos recursos e de baixa emisión de carbono que nos axude a mellorar os resultados económicos e, asemade, a reducir o uso deses recursos; a identificar e a crear novas oportunidades de crecemento económico e a impulsar a innovación e a competitividade da UE; a garantir a seguridade da subministración de recursos esenciais; a loitar contra o cambio climático e a limitar os impactos ambientais do uso dos recursos.

A devandita iniciativa ofrece un marco de medidas a longo prazo e, de maneira coherente, outras a medio prazo, entre as cales xa está identificada e definida unha estratexia destinada a converter a UE nunha economía circular baseada nunha sociedade da reciclaxe, co fin de reducir a produción de residuos e de utilizalos como recursos.

Esta estratexia foise desenvolvendo, ademais, a través dunha serie de actuacións, como a publicación, en decembro de 2015, da comunicación «Pechar o círculo: un plan de acción da UE para a economía circular», onde se expón a transición de Europa cara a unha economía máis circular. Este plan de acción concreouse na revisión orientada

á circularidade das directivas relacionadas cos residuos e á adopción da nova directiva de plásticos.

E, en 2019 e 2020, dous novos instrumentos estratéxicos viron a luz. Por unha banda, o Pacto Verde Europeo, que é a folia de ruta para dotar a UE dunha economía sustentable que integre un cambio sistemático na busca dun impacto positivo na economía, no planeta e nas persoas e, por outra, o novo Plan de Acción Europeo de Economía Circular, que pretende adaptar a economía a un futuro ecolóxico, fortalecendo a competitividade da UE, protexendo o medio ambiente e outorgándolles novos dereitos aos consumidores e consumidoras.

### **Aspectos da economía circular**

A economía circular é un concepto económico que se interrelaciona coa sustentabilidade e cuxo obxectivo é que o valor dos produtos, dos materiais e dos recursos (auga, enerxía...) se manteña na economía durante o maior tempo posible e que se reduza ao mínimo a xeración de residuos. Trátase de implementar unha nova economía —circular e non lineal— baseada no principio de «pechar o ciclo de vida» dos produtos, dos servizos, dos residuos, dos materiais, da auga e da enerxía.

Este tipo de economía supón a intersección de aspectos ambientais, económicos e sociais. O sistema lineal actual da nosa economía —consistente en extraer, fabricar, utilizar e eliminar— alcanzou os seus límites e empézase a albiscar o esgotamento dunha serie de recursos naturais e dos combustibles fósiles. Fronte a este sistema, xorde o modelo circular, que consiste en aproveitar os recursos, e cuxos piares fundamentais son reducir, reutilizar e reciclar. É dicir, a economía circular propón un novo modelo de sociedade que utilice e optimice as existencias e os fluxos de materiais, enerxía e residuos, co obxectivo de atinxir que os recursos resulten eficientes e de minimizar a produción.

Así pois, mentres que o actual sistema lineal busca fomentar o consumo a curto prazo, o novo modelo minimiza a produción. Porén, aínda que a reutilización dos produtos leva directamente a esta minimización, o desenvolvemento de novos modelos de negocio relacionados coa reciclaxe, que consiste na busca dun uso distinto a través da súa transformación para esas materias primas xa explotadas anteriormente, converte este sistema en sustentable para a industria e, polo tanto, en xerador de emprego. De feito, o sector da xestión dos residuos representa en España miles de postos de traballo de carácter local e non deslocalizable.

En definitiva, os residuos duns convértense en recursos para outros. O produto debe ser deseñado para ser deconstruído. A economía circular consegue converter os nosos residuos en materias primas, o paradigma do noso sistema de futuro. E para iso é fundamental realizar un sólido investimento en innovación, co fin de desenvolver novas vías de explotación para o que actualmente consideramos residuos e de fomentar a creación de novos negocios e procesos de transformación nos que estes se utilizarán como materias primas.

O desenvolvemento da economía circular contribuirá a diminuír o uso dos recursos, a reducir a produción de residuos e a limitar o consumo de enerxía e, por outra parte, suporá unha reorientación produtiva dos países. E, alén dos beneficios ambientais, esta actividade emerxente será unha fonte de riqueza e de emprego en todo o conxunto do territorio e o seu desenvolvemento permitirá obter unha vantaxe competitiva no contexto da globalización.

En 2014, o entón comisario europeo de Medio Ambiente, Janez Potocnik, durante o III Foro Internacional sobre Economía e Eficiencia dos Recursos, sinalou:

É necesario transformar Europa nunha economía eficiente nos recursos, aínda que a eficiencia en por si non é suficiente. Tamén hai que asegurarse de darlles unha nova vida e un novo uso aos produtos, alimentos e inmobles utilizados.

O enfoque da UE para a eficiencia dos recursos debe desmarcarse da economía lineal —onde se extraen os materiais da terra para fabricar os produtos, usalos e logo eliminalos— e ir cara a unha economía circular —onde os residuos e os subprodutos entran de novo no ciclo de produción como materias primas secundarias—.

Existe unha forte motivación económica e empresarial a favor da economía circular e da eficiencia dos recursos. De feito, a Comisión Europea, como órgano colexiado, adoptou a eficiencia dos recursos como un alicerce central da súa estratexia económica estrutural Europa 2020.

Texto adaptado e traducido de *Fundación Economía Circular*

NON ESCRIBA NESTA PÁXINA  
COMECE NA SEGUINTE



ESPAZO PARA ESCRIBIR A PROBA A2

ESPAZO PARA ESCRIBIR A PROBA A2



ESPAZO PARA ESCRIBIR A PROBA A2

ESPAZO PARA ESCRIBIR A PROBA A2



# PROBA PARA A OBTENCIÓN DO CERTIFICADO DE LINGUA GALEGA CELGA

## FOLLA DE REVISIÓN DA PROBA

Apelidos e nome ou código da persoa que revisa a proba (3ª corrección):

|    | Adecuación |   |   |   | Cohesión e coherencia |   |   |   | Gramática |   |   |   | Léxico |   |   |   | Cualificación |            |
|----|------------|---|---|---|-----------------------|---|---|---|-----------|---|---|---|--------|---|---|---|---------------|------------|
| A1 | 1          | 2 | 3 | 4 | 1                     | 2 | 3 | 4 | 1         | 2 | 3 | 4 | 1      | 2 | 3 | 4 | Apto/a        | Non apto/a |
| A2 | 1          | 2 | 3 | 4 | 1                     | 2 | 3 | 4 | 1         | 2 | 3 | 4 | 1      | 2 | 3 | 4 |               |            |

Número de palabras proba A1:

Número de palabras proba A2:

Observacións:





# PROBA PARA A OBTENCIÓN DO CERTIFICADO DE LINGUA GALEGA CELGA

## FOLLA DE SUPERVISIÓN DA PROBA

Apelidos e nome ou código da persoa que supervisa a proba (2ª corrección):

|    | Adecuación |   |   |   | Cohesión e coherencia |   |   |   | Gramática |   |   |   | Léxico |   |   |   | Cualificación |            |
|----|------------|---|---|---|-----------------------|---|---|---|-----------|---|---|---|--------|---|---|---|---------------|------------|
| A1 | 1          | 2 | 3 | 4 | 1                     | 2 | 3 | 4 | 1         | 2 | 3 | 4 | 1      | 2 | 3 | 4 | Apto/a        | Non apto/a |
| A2 | 1          | 2 | 3 | 4 | 1                     | 2 | 3 | 4 | 1         | 2 | 3 | 4 | 1      | 2 | 3 | 4 |               |            |

Número de palabras proba A1:

Número de palabras proba A2:

Observacións:





# PROBA PARA A OBTENCIÓN DO CERTIFICADO DE LINGUA GALEGA CELGA

## FOLLA DE AVALIACIÓN DA PROBA

Apelidos e nome ou código da persoa que avalía a proba (1ª corrección):

|    | Adecuación |   |   |   | Cohesión e coherencia |   |   |   | Gramática |   |   |   | Léxico |   |   |   | Cualificación |            |
|----|------------|---|---|---|-----------------------|---|---|---|-----------|---|---|---|--------|---|---|---|---------------|------------|
| A1 | 1          | 2 | 3 | 4 | 1                     | 2 | 3 | 4 | 1         | 2 | 3 | 4 | 1      | 2 | 3 | 4 | Apto/a        | Non apto/a |
| A2 | 1          | 2 | 3 | 4 | 1                     | 2 | 3 | 4 | 1         | 2 | 3 | 4 | 1      | 2 | 3 | 4 |               |            |

Número de palabras proba A1:

Número de palabras proba A2:

Observacións:

